PROXECTO DE TRABALLO EN REDE: EVENTOS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN MÚSICA DE RAÍZ

ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO EN REDE

O proxecto de traballo en rede "Emprendemento en Música de Raíz" ten por obxecto animar aos territorios dos GDR participantes a detectar o talento nese eido, para que nun proceso posterior se poida titorizar a profesionalización dos distintos actores relacionados coa música e a cultura galega.

Nace da reflexión realizada polos grupos participantes no proxecto de Interritmos Sons do Rural, ao respecto da súa evolución cara ao futuro, buscando unha maior repercusión do mesmo, tanto dende a perspectiva territorial (coa incorporación de novos grupos e territorios) como dende una perspectiva profesional (formando e titorizando aos emprendedores musicais).

GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARTICIPANTES

No proxecto participaremos como entidades socias, catro grupos de desenvolvemento rural, concretamente:

- Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes – ASDECOMOR, que actuará como GDR coordinador.
- Asociación Miño e Ulla.
- Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea.
- Grupo de Desenvolvemento Comarca de Ourense – ADERCOU.

DESCRICIÓN DO PROXECTO

A través deste proxecto de traballo en rede, os GDR involucrados nesta iniciativa, pretendemos continuar e complementar o traballo iniciado cos proxectos de traballo en rede desenvolvidos en anualidades anteriores, poñendo en marcha unha nova iniciativa ao abeiro da liña de actuacións de traballo en rede, e que ten por finalidade:

- Reflexionar, dende os diferentes territorios, sobre o emprendemento en cultura/artes como eixo de desenvolvemento rural sustentable.
- Fomento do networking entre os socios do proxecto e entre os axentes dos diferentes sectores participantes.
- Dar a coñecer as tendencias e implicar aos emprendedores no tecido empresarial.

Precisamente o impulso e contribución dos GDR involucrados dentro deste programa de formación ten como obxectivo:

- Fortalecer o coñecemento e o traballo en rede entre iniciativas emprendedoras dos territorios involucrados.
- Deslocalizar das áreas urbanas eventos relacionados coa arte e a cultura.

OBXECTIVOS

- Apoio ás capacidades de creación local no ámbito da **música con base tradicional e de raíz, como eixo de desenvolvemento rural e de emprendemento emerxente**.
- Impulso da **profesionalización e visibilización** de grupos e solistas vinculados á música tradicional e ao territorio.
- Facilitar **espazos de intercambio entre músicos e profesionais** da Industria Musical.
- Conectar a música con base tradicional e de raíz con outros elementos do patrimonio cultural inmaterial galego.
- **Traballo en rede, cooperación e complementariedades entre GDR.**

ACTIVIDADES E ACCIÓNS A DESENVOLVER

Amosar diferentes experiencias-iniciativas de éxito en emprendemento cultural: música, arte, artesanía, gastronomía,.... nos eventos que se levarán a cabo no ámbito territorial de cada un dos GDR participantes. Desenvolveranse durante os meses setembro a novembro de 2024

Realizase un evento en cada un dos catro GDR implicados (ADERCOU, ASDECOMOR, MIÑO ULLA E SIL BIBEI NAVEA), co seguinte formato:

- Presentación
- Mesa de relatorios e Master Class
- Actuación musical dun grupo do territorio
- Degustación produtos a cargo de un restaurador local

GASTOS E ORZAMENTO

Gastos comúns: Non se imputarán gastos comúns, xa que o proxecto, ao estar enfocado á realización de catro eventos de difusión y captación (un en cada un dos territorios dos GDR implicados), cada GDR asume os gastos inherentes á celebración da xornada no seu territorio.

Gastos individuais: Cada GDR participante no proxecto de traballo en rede encargarase de contratar os servizos necesarios para a realización da xornada e imputará os mesmos como gastos individuais

Cada un dos socios do proxecto encargarase de seleccionar o emprendedor gastronómico que realizará a degustación de produtos locais do territorio, por tanto, os socios acordan considerar gasto individual a contratación de dito emprendedor.

Asemade, cada un dos GDR participantes asumirán os seguintes gastos de xeito individual:

- Gastos de produción de cada un dos eventos: servicio externo para a elaboración da programación de cada un dos eventos, contacto con relatores, seguimento da preparación de cada evento, organización dos eventos,...)
- Busca e contratación dos/as relatores/as e presentador/a para cada un dos eventos.
- Busca e contratación de emprendedores culturais, vinculados á música, para amosar as súas experiencias, de xeito práctico, aos asistentes. Así como os gastos de desprazamento aos diferentes eventos, dos mesmos.
- Busca e contratación de músicos ou grupos musicais
- Equipo de son e iluminación
- Adecuación dos espazos (escenario) para o desenvolvemento dos eventos. Aluguer de mobiliario para o escenario dos eventos (cadeiras, mesas,...).
- Materiais de difusión. Deseño, elaboración e impresión de folleto coa información de cada evento. Elaboración de materiais para difusión en redes sociais.

Prevese que por razóns de uniformidade, economicidade, eficiencia e eficacia as últimas tarefas relacionadas (gastos de produción, busca de relatores, actuación musical, equipo de son e iluminación, decoración e materiais de difusión) se contraten á mesma empresa nos catro territorios.

Os gastos individuais serán aboados directamente por cada GDR que os execute.

De inicio, prevense os seguintes gastos por un importe total de 4.100 euros por xornada para os 4 GDR participantes:

- ADERCOU
    - Gastos de produción, Relatores e moderador: 1.700 euros
    - Grupo musical: 400 euros
    - Equipo de son, iluminación e decoración escenario: 800 euros
    - Busca e contratación do emprendedor gastronómico que participe no evento. Inclúese neste caso unha degustación de produtos locais a cargo deste emprendedor para 60 persoas. Importe: 1.200,00 euros.
    - Material de difusión: non se imputa ao proxecto

- ASDECOMOR.
    - Gastos de produción, Relatores e moderador: 1.700 euros
    - Grupo musical: 400 euros
    - Equipo de son, iluminación e decoración escenario: 800 euros
    - Busca e contratación do emprendedor gastronómico que participe no evento. Inclúese neste caso unha degustación de produtos locais a cargo deste emprendedor para 60 persoas. Importe: 1.200,00 euros.
    - Material de difusión: non se imputa ao proxecto

- MIÑO ULLA
    - Gastos de produción, Relatores e moderador: 1.700 euros
    - Grupo musical: 400 euros
    - Equipo de son, iluminación e decoración escenario: 800 euros
    - Busca e contratación do emprendedor gastronómico que participe no evento. Inclúese neste caso unha degustación de produtos locais a cargo deste emprendedor para 60 persoas. Importe: 1.200,00 euros.
    - Material de difusión: non se imputa ao proxecto

- SIL BIBEI NAVEA
    - Gastos de produción, Relatores e moderador: 1.700 euros
    - Grupo musical: 400 euros
    - Equipo de son, iluminación e decoración escenario: 800 euros
    - Busca e contratación do emprendedor gastronómico que participe no evento. Inclúese neste caso unha degustación de produtos locais a cargo deste emprendedor para 60 persoas. Importe: 1.200,00 euros.
    - Material de difusión: non se imputa ao proxecto

Ordes, na data da sinatura electrónica

Firmado por ***6781** MARIANO IGLESIAS (R: ****9676*) el día 18/09/2024 con un certificado emitido por AC Representación

Asdo: Mariano Iglesias Castro

Presidente Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes